

Curso académico: 2025/26

201894 - Empresa

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 201894

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Formación Básica

Curso: 1

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Primeiro cuatrimestre

Idiomas:

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: Eva Sánchez Amboage

Profesorado: Eva Sánchez Amboage

1. Descrición xeral

A materia de Empresa é unha asignatura en extinción do Plan de Estudos para o curso 2025-2026. Por este motivo, o alumnado non recibirá docencia, tendo unicamente dereito á avaliación.

Os obxectivos da materia fundaméntanse en:

- Conseguir do alumnado, futuros graduados/as en Comunicación Audiovisual, un nivel de coñecementos axeitado que lles permita coñecer e afondar no alcance da xestión da empresa audiovisual, así como a aplicación das diversas técnicas propias da xestión empresarial.

- Adquirir os coñecementos esenciais, tanto teóricos como prácticos, sobre a organización, xestión, comercialización e financiamento das empresas audiovisuais.

- Manexar os conceptos básicos que interveñen na creación e desenvolvemento de empresas audiovisuais.

- Coñecer na práctica, mediante o estudo e análise de casos reais, as citadas técnicas de xestión das empresas audiovisuais.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Competencias (titulación RD 1393/2007)

- [A03] Xestionar proxectos audiovisuais.
- [A04] Investigar e analizar a comunicación audiovisual.

- **[A06]** Coñecelo sector audiovisual: a oferta e as audiencias.
- **[A09]** Coñecelos modelos de xestión.
- **[A10]** Coñecelo marco legal e deontolóxico.
- **[A11]** Coñecelas metodoloxías de investigación e análise.
- **[B01]** Que os estudantes demostraran posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoitan atoparse nun nivle que, se ben se apoia en libros de textos avanzados, inclúe tamén algún aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu eido de estudo.
- **[B02]** Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan amosarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- **[B03]** Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que acheguen unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
- **[B04]** Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
- **[B05]** Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe precisas para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
- **[B06]** Expresarse correctamente tanto de xeito oral como escrito en linguas oficiais da comunidade autónoma
- **[B08]** Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
- **[B09]** Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprantar solución baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
- **[C01]** Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
- **[C02]** Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
- **[C03]** Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
- **[C04]** Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

2.1. Resultados de aprendizaxe (titulacións RD 1393/2007)

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender a importancia do papel da empresa na área de Comunicación Social en xeral e Comunicación Audiovisual, en particular, así como proporcionar aos alumnos o nivel axeitado de coñecemento para afondar os aspectos clave da xestión da empresa audiovisual e implementación das características destas técnicas.	A3 A4 A6 A9 A10 A11	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9	C1 C3 C4
Adquirir os coñecementos esenciais, tanto teóricos como prácticos, sobre a fundamentación, organización, xestión, financiamento e comercialización da Empresa de Comunicación.	A3 A4 A6 A9 A10 A11	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9	C1 C3 C4
Saber como utilizar os conceptos básicos implicados na creación e desenvolvemento da empresa audiovisual.	A3 A4 A6 A9 A10 A11	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9	C1 C3 C4
Coñecer na práctica, mediante o estudo e análise de casos reais, as citadas técnicas de xestión da Empresa de Comunicación Social e especialmente da Empresa de Comunicación Audiovisual.	A3 A4 A6 A9 A10 A11	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8	C1 C2 C3 C4

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	BLOQUE I: Tema 0: O Plan Empresarial Tema 1: Conceptualización			
Tema	BLOQUE II: Tema 2: A contorna da empresa Tema 3: A función do directivo na empresa de comunicación social Tema 4: Marco xurídico Tema 5: Dirección e recursos humanos na empresa de comunicación social Tema 6: Fundamentos económicos e financeiros da empresa de comunicación social Tema 7: Visión estratéxica da comercialización Tema 8: Visión operativa da comercialización			

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial					
Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Proba de resposta múltiple [MAG30]	Test de resposta múltiple individual. Cada pregunta mal contestada penaliza a cualificación da proba (tres preguntas mal contestadas contrarrestan unha correcta).	2,00	0,00	73,00	A03, A04, A06, A09, A10, A11, B01, B02, B03, B04, B05, B06, B08, B09, C01, C02, C03, C04.
Sesión maxistral [MAG39]	O alumnado terá acceso ás explicacións de todos os temas da materia a través do Campus Virtual, co obxectivo de revisar e preparar o temario para o exame.	0,00	0,00	75,00	A03, A04, A06, A09, A10, A11, B01, B02, B03, B04, B05, B06, B08, B09, C01, C02, C03, C04.
Suma de horas por tipo		2,00	0,00	148,00	
Horas totais				150,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial			
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Proba de	O exame tipo test, con penalización por erros, require unha nota mínima	100,00	A03, A04, A06,

Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
resposta múltiple [SEG30]	de 5/10 para aprobar a materia. Se non se acada, considerarase non superada. Se non se supera o test, esa será a cualificación final na acta.		A09, A10, A11, B01, B02, B03, B04, B05, B06, B08, B09, C01, C02, C03, C04.
Total (%)		100,00	

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

A asignatura de Empresa do Grao en Comunicación Audiovisual, para o curso 2025-2026, é considerada unha materia en extinción. A avaliación farase unicamente mediante un exame tipo test de resposta múltiple.

Observacións sobre a avaliación:

Cualificación de NON presentado: corresponderalle ao alumno cando só participe en actividades de avaliación cunha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.

Sobre as condicións da proba obxectiva: está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de '0' na materia na correspondente convocatoria, invalidando calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación da convocatoria extraordinaria.

O uso da intelixencia artificial como ferramenta única nas actividades de avaliación continua suporá unha cualificación de '0'.

En todo caso e para todos os efectos, os aspectos relacionados con "exención académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académico" rexeranse segundo a normativa académica vixente da UDC: <https://www.udc.es/gl/normativa/academica/>

Identificación do estudante: o estudante deberá acreditar a súa identidade de acordo coa normativa vixente.

Dadas as características do exame de resposta múltiple, a hora de comezo será inescusablemente a fixada no calendario oficial de exames. Unha vez iniciado, ningún estudante poderá acceder ao mesmo.

5.2. Segunda oportunidade

Os criterios de avaliación son os mesmos ca na primeira oportunidade.

5.3. Oportunidade adiantada

Os criterios de avaliación son os mesmos que para a primeira e segunda oportunidade.

5.4. Dispensa académica

As actividades de avaliación continua son dispensables, sendo obrigatorio para o alumnado con dispensa académica desenvolver as mesmas actividades de avaliación.

Acordarase un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación.

En todo caso e para todos os efectos, os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo" e "permanencia" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC: <https://www.udc.es/gl/normativa/academica/>

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- Alegre, Luis., Berné, Carmen.; Galve, Carmen. (2000). Fundamentos de economía de la empresa : perspectiva funcional. Ariel, 2ª ed. act.. Libro. [\[URL\]](#)
- Bueno Campos, Eduardo. (1995). Dirección estratégica de la empresa metodoloxía, técnicas y casos. Pirámide, 5ª ed. rev. y act.. Libro. [\[URL\]](#)
- Bueno Campos, Eduardo. (2007). Organización de empresas : estructura, procesos y modelos.. Pirámide, 2ª ed. Libro. [\[URL\]](#)
- Bueno Campos, Eduardo., Durán Herrera, Juan José.; Cruz Roche, Ignacio. (1994). Economía de la empresa : análisis de las decisiones empresariales. Pirámide, [15ª ed., reimp.]. Libro. [\[URL\]](#)
- Celaya, Javier (2011). La empresa en la web 2.0 : el impacto de las redes sociales y las nuevas formas de comunicación online en la estrategia empresarial. Gestión 2000, Nueva ed. ampl. y act.. Libro. [\[URL\]](#)

- Kotler, Philip., Armstrong, Gary, autor. (2018). Principios de marketing. Pearson, 17ª ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Lavine, John M., Iglesias, Francisco; Wackman, Daniel B. (1992). Gestión de empresas informativas. Rialp. Libro. [\[URL\]](#)

7. Recomendacións

A entrega dos traballos titorizados realizados nesta materia:

- a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático.
- b. Realizarase a través do Campus Virtual, en formato dixital e sen necesidade de imprimilos. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade no comportamento persoal e profesional.
- c. Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influírase no contorno para modificalos e promover valores de respecto e igualdade.
- d. Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psicolóxicas ou socioculturais, teña dificultades para acceder de forma axeitada, igualitaria e rendible á vida universitaria.
- e. Potenciarase a compatibilidade da actividade académica e deportiva do alumnado que dispoña do recoñecemento da condición de deportista de alto nivel (DANUDC) ou de deportista titulado ou de nivel similar, facilitando procesos como cambios de grupos docentes, horarios ou exames, co fin de que poida compatixinar a aprendizaxe coas súas responsabilidades e actividades deportivas.
- f. Todo o material elaborado polo profesorado da materia está suxeito a dereitos de propiedade intelectual. Non poderá ser utilizado, en ningún caso, sen a autorización expresa dos seus autores.